

Los investigadores reclaman la regularización de sus contratos

M.G.M. A CORUÑA

En la actualidad, son seis los investigadores con contrato indefinido, tres adscritos a programas del Sergas y otros tres en fundaciones como la Novoa Santos con sede en la ciudad. María Mayán, del Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (Inibic), explica la necesidad de que desde el sistema sanitario se les dé una estabilidad laboral que hoy no tienen porque no existe la carrera investigadora como tal.

Cuenta que en eso están desde la Consellería, que remitió un documento a través de ACIS (Axencia de Coñecemento en Saúde) para poder generar esta figura. Sin embargo, señala que los agrupaba con contratos temporales, algo que están tratando de enmendar. Esto para Mayán es básico porque sin la condición de indefinidos no pueden participar en muchas proyectos.

La científica aclara que "no queremos ser funcionarios, solo tener los mismos derechos que los demás colectivos. Queremos un contrato regularizado que nos permita competir en convocatorias" y que siga sujeto a evaluaciones.

Y es que la responsable apunta a que desde su gremio apuestan por la excelencia, "que se queden con los mejores" y ve que, en general, "no se entiende de que va la ciencia. Siempre hubo un menosprecio hacia nosotros".

La realidad se repite en el resto del estado, excepto en comunidades como Euskadi y Cataluña, explica, donde Icrea e Ikerbasque reclutan a investigadores: "A los tres años les hacen indefinidos y a los cinco, les renuevan otra vez", siguiendo unas pautas fiables a nivel nacional y también internacional. Trabajando tranquilos, la motivación y la productividad se multiplica. En este aspecto, Mayán indica que con el estallido de la crisis "se ha potenciado lo fácil" y esto lo hace extensible a la Universidad, en la que "tampoco se contratan a investigadores, solo a profesores".

En la naturaleza de contratos, cada uno es diferente dependiendo si están en una de las fundaciones o en programas de captación del Sergas: "Son como contratos 'apaño', no existe una regulación y tenemos condiciones y salarios distintos". Quieren que se les trate como clínicos.

Precisamente, Mayán promueve anualmente una reunión

que junta a jóvenes investigadores en el extranjero.

Es una forma de saber lo que hace una parte del 80% de talentos gallegos, que están en la actualidad afilando sus inquietudes fuera. Tras el encuentro, los presentes se sientan a la mesa a redactar las principales conclusiones que, en 2017, se basaron

en el retroceso del 9,1% de inversión pública en investigación en España y en el perfil de una profesión, que ya alcanza los 53 años de media. Se necesita captar talento joven y una Agencia Gallega de Investigación que gestione los fondos públicos destinados a actividades de I+D para todos los centros del conocimiento. ●



El Muncy acogió hace un mes la reunión de investigadores | QUINTANA

contrata R e leva
200 megas
tv ocio con rebobina
móvilR 10 GB con llamadas ilimitadas,
wificlientes R e internet conmigo

19 € / mes
 durante 6 meses

R
 61445

Contrata R e leva es un servicio de fibra óptica de alta velocidad que incluye 200 megas de ancho de banda, tv ocio con rebobina, móvilR 10 GB con llamadas ilimitadas, wificlientes R e internet conmigo. El precio es de 19 € al mes durante 6 meses. Después de este periodo, el precio será de 24 € al mes. El servicio de fibra óptica de alta velocidad está disponible en algunas zonas. Para más información, visita el sitio web de contrata R e leva. © 2018. Todos los derechos reservados.

La Opinión

A Coruña

www.laopinioncoruna.es

DIRECTORA: CARMEN MERELAS | AÑO XIX | Nº 6287 | DOMINGO, 28 DE ENERO DE 2018 |

Este periódico utiliza papel reciclado en un 80,5% Precio: 2,00 euros

Gran Coruña | 19

Alumnas contra el sexismo

Estudiantes del Díaz Pardo de Sada, premiadas por la Diputación, recetan educación y empatía para combatir los estereotipos sexistas



Alumnas del instituto Díaz Pardo, de Sada, y su tutor, durante una clase. | L. O.

A Coruña | 3 a 5

Construir desde abajo

Seis proyectos de participación vecinal aconsejan cambiar el trato a los mayores, el urbanismo y el consumo

A Coruña | 12 y 13

El reto científico

La reunión de los nuevos investigadores gallegos en el extranjero arroja un incierto panorama y mucho trabajo por hacer

La desigualdad salarial crece y la precariedad se ceba con las mujeres y los jóvenes

Galicia lidera con Asturias la pérdida de trabajadores asalariados durante la crisis

El sueldo medio de los menores de 25 años es inferior al salario mínimo, según el Foro Económico ■ Inspección de Trabajo recorta un 10% su plantilla en Galicia Páginas 36 y 38

■ ESPAÑA

El Constitucional exige la presencia de Puigdemont con permiso judicial para su investidura

El Tribunal prohíbe su proclamación telemática o por delegación

Páginas 27 y 28

■ GALICIA

Solo el 2% de los más de 60.000 conductores juzgados acabó en prisión desde 2008

Página 20

DEPORTES



Andone, tumbado en el campo tras el partido, recibe el consuelo de Navarro, mientras jugadores del Levante celebran el empate en Riazor. | CARLOS PARDELLAS

Hundimiento con diez y en la orilla

2-2 La victoria se le escapa al Dépor al final tras marcar con diez y resistir en inferioridad 50 minutos ante el Levante ■ Andone: "Faltó personalidad, este no es el camino" Páginas 42 a 47

Y ADEMÁS

A Coruña. El Supremo exime a las concesionarias de pagar al personal subrogado deudas de la anterior empresa | Pág. 7

Culleredo. Carmen Varela, edil de Educación: "Tener un colegio nuevo y otro saturado no tiene sentido" | Pág. 16

Oleiros. Alumnos del María Casares organizan deportes en el recreo para fomentar hábitos saludables | Pág. 17

Mar. El 64% del marisco ilegal requisado en Galicia en 2017 se intervino entre Fisterra y Porto do Son | Pág. 41

Sociedad. El Gobierno quiere exigir un MIR educativo de dos años para acceder a la plaza de profesor | Pág. 31

Galicia. Las mujeres son el 90% de quienes renuncian a buscar empleo para cuidar a la familia | Pág. 37

EDITORIAL

La exclusión del Corredor Atlántico, una amenaza para Galicia

Página 2

ÍNDICE

A CORUÑA.....	3	MAR.....	41
GALICIA.....	20	DEPORTES.....	42
OPINIÓN.....	25	SUCESOS.....	53
ESPAÑA.....	27	PASATIEMPOS.....	56
MUNDO.....	29	SERVICIOS.....	58
SOCIEDAD.....	30	TELEVISIÓN.....	59
ECONOMÍA.....	36	GENTE.....	62

El Tiempo 9º-15º



Hoy, con La Opinión

PROMOCIONES

Cortavientos Karhu

Hoy, entrega de la cartilla para conseguirlo por solo 19,95 euros más diez cupones. Disponible en las tallas S, L y XL



LA REVISTA

Magazine

Bitcoin. ¿Especulación desatada o la divisa del futuro? Las dos caras de la moneda

EL SUPLEMENTO

El Domingo

Arte gallego en la emigración. 'A derradeira lección do mestre', de Castelao, ejemplo de un legado monumental

Episodios da cultura científica



Participantes na oitava Reunión con autoridades e xestores. | L. O.

Interesa de verdade promover a investigación científica en Galicia?

A oitava Reunión de Novos Investigadores no Estranxeiro, celebrada na cidade o mes pasado, ofreceu preocupantes cifras, incerto panorama e moito traballo por facer



Xosé A. Fraga
Director do
Álbum da Ciencia

Hoxe, día 28 de xaneiro, cumprese un mes da celebración na Coruña da oitava edición da Reunión de Jóvenes Investigadores en el Extranjero. Un evento anual no que son presentados valiosos traballos sobre biomedicina elaborados por científicos galegos que traballan no exterior. A reunión deste ano concluíu cunha mesa de debate e, como resultado das intervencións, os organizadores elaboraron unhas conclusións que poñen enriba da mesa cuestións transcendentales sobre a investigación científica en Galicia.

Datos preocupantes

O primeiro parágrafo do documento aprobado é clarificador: “Segundo datos da Fundación Cotec, extraídos de Eurostat, a inversión pública en ciencia aumentou un 27,4% no conxunto de Europa dende o ano 2009, ao contrario do que ocorre en España, onde segue retrocedendo (9,1% menos)”. Un dato que se complementa con outro ben revelador: “Segundo o Instituto Nacional de Estadística, a inversión en Investigación+Desenvolvemento+Innovación (I+D+i) en Galicia é do 0,87% do Produto Interior Bruto (PIB), fronte ao 1,19% de España, ao 1,82% de Euskadi e o 2% de media en Europa”. Ese 0,87% de Galicia está por debaixo dos países do Leste de Europa (Bulgaria 0,96%, Polonia 1%) e de Portugal (1,28%). Como vemos, os datos oficiais ilustran con inapelable claridade a existencia dunha dobre brecha no investimento en in-



Sonia Villapol. | L. O.

vestigación: a de Galicia coa media española e a de España con respecto aos socios europeos. Unha fenda que non para de incrementarse. Imos, en termos absolutos e relativos, no pelotón de cola de Europa e cada vez máis distanciados da cabeza.

María Mayán coordina o Grupo de Investigación CellCOM do Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (Inibic), situado nas Xubias, a carón do Hospital Materno-Infantil. Desde hai uns meses forma parte da Sección de Ciencias do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, todo un privilexio para a entidade herculina. A súa conversa é pausada,

traslada confianza e convencimento. Explica que no seu equipo estudan mecanismos de comunicación entre células en procesos de rexeneración nos que se dan unhas substitucións celulares aceleradas. No caso dun tumor, a comunicación entre as células facilita o seu crecemento e a metástase, o espallamento do cancro. O grupo de investigación intenta deter ese avance, para o que busca dianas para deseñar moléculas que cambien as respostas e forma de comunicarse entre as células tumorais.

–**María, nunha intervención súa no debate preguntouse sobre o modelo de sociedade**

que queremos, se escollemos ser unha de servizos e ladrillo ou apostamos pola ciencia e a innovación. Por que precisamos a investigación científica?

–A investigación é importante para xerar coñecemento e desenvolver novas tecnoloxías que faciliten a nosa vida ou melloren a saúde, pero, ademais aporta a unha cidade ou rexión visibilidade internacional e atracción de empresas de diferentes ámbitos, contribuíndo de forma decisiva a mellorar a calidade de vida, a fomentar o pensamento crítico e a formar sociedades comprometidas, con maior capacidade de liderazgo.

Coidamos que a preocupante situación interpela a todos, en primeiro lugar á Xunta de Galicia, mais tamén aos diversos grupos políticos, ás diferentes administracións, empresas, ao sistema universitario, aos propios científicos e ao conxunto da sociedade. O manifesto sinalaba un camiño: “Requírese maior inversión e xestionar os recursos de forma produtiva para o sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación cunha política estratéxica a longo prazo (...) aumentar a infraestrutura e equipar os centros de investigación con servizos técnicos competitivos”. De feito, o investimento público en ciencia é unha prioridade para outras administracións, resulta rentable e tira do investimento privado. Así acontece, por exemplo, en Euskadi co programa Ikerbasque. Polo tanto, o que necesitamos son políticos e xestores que coñezan a investigación científica, que crean nela e que a identifiquen como unha oportunidade de progreso.

Para cando estará regulada a carreira científica en Galicia?

Os protagonistas da investigación asisten decepcionados a unha ausencia lamentable no seu panorama profesional. En Galicia non existe unha carreira investigadora regulada, algo anómalo e excepcional nun país europeo. Ou sexa, quen se quere dedicar á investigación científica non sabe o que lle pode agardar nese camiño, non están establecidos os pasos a seguir.

Para María Pardo, esa ausencia é unha eiva relevante na investigación galega: “Parece que aos científicos nos meten no sistema e non saben que facer con nós”. María dirixe o Grupo Obesidomica (IDIS) no Hospital Clínico Universitario de Santiago. Está especializada no estudo dos proteomas, é dicir o conxunto de proteínas presentes nun tecido ou sistema. Na súa tese traballou aplicando esta tecnoloxía ao estudo do melanoma uveal maligno humano (tumor ocular). En 2006 formou o seu propio grupo de investigación en Santiago, que tra-

Episodios da cultura científica

>> Vén da páxina anterior

balla na identificación de sinais liberadas polo tecido adiposo e muscular dentro do contexto da obesidade.

Esta investigadora comunica entusiasmo polo seu traballo, unha emoción que se mestura co escepticismo con que contempla as dificultades que atopan ela e os seus colegas. Di que está cansa da batalla pola estabilidade laboral; coida que para os investigadores son frustrantes os cambios continuos nas demandas esixidas no seu camiño profesional, polo que non poden establecer estratexias. Subliña: “Os investigadores, persoal altamente cualificado, demandamos algo tan simple como gozar dos mesmos dereitos laborais que outro profesional, con contratos indefinidos suxeitos a avaliacións por expertos e salarios competitivos”. E remata, expresiva: “Ningún privilexio nin discriminación!”.

A necesidade dunha Axencia Galega de Investigación

Outra demanda na que coinciden é a da necesidade dunha Axencia Galega de Investigación, un instrumento para a xestión e financiamento dos fondos públicos destinados ás actividades de I+D+i para todos os centros de coñecemento galegos (universidades, centros tecnolóxicos e de coñecemento, fundacións, institutos sanitarios, CSIC e Instituto Español de Oceanografía). María Mayán di: “Agora existen diversos organismos, con condicións distintas, nun choque de intereses, non de calidade, sen que sexa prioritario o que debería selo, a xestión e financiamento da investigación e a carreira investigadora”.

Como vai ser o relevo xeracional?

Preocúpalles a forma en que vai ter lugar a substitución do elevado número de investigadores que pasarán á xubilación nos próximos anos; temen que se faga desde unha perspectiva corporativa. Volvamos ao manifesto: “É necesario desenvolver unha estratexia de captación de investigadores novos para conseguir unha substitución progresiva e baseada no talento, evitando a entrada masiva e descontrolada de investigadores nas universidades e centros de investigación. Sen unha estratexia previa, potenciarase a contratación non competitiva, o que prexudicará a calidade da ensinanza e a xeración de coñecemento nas universidades e centros de investigación. A nivel universitario, hai que lembrar que non se trata só de contratar meros docentes, senón que ademais, debe ser con investigadores de calidade para manter o sistema de produción científica e captación de fondos internacionais”.

Mulleres facendo ciencia

A investigadora Marisol Soengas introduciu no debate o tema das dificultades específicas das mulleres, por razón de xénero,



María Pardo e María Mayán. | L. O.

para desenvolver a súa carreira profesional en igualdade de condicións dos homes. María Mayán e María Pardo saben do tema, elas tiveron que, como moitas outras, traballar nas baixas maternais para poder manter o seu nivel competitivo; o traballo demandábo. Por iso, coidan que son precisas medidas concretas que faciliten a conciliación familiar, como algunhas das postas en prácticas en organismos como o Centro Nacional de Investigaciones Oncolóxicas (CNIO).

A emigración científica

Segundo un estudo de Stefano de Marco e Daniel Sorando, comentado neste xornal o 11 decembro 2017, uns 8.000 mozos e mozas (entre 16 e 29 anos) saen ao ano de Galicia, cifra que se achega aos 10.000 se estendemos a franxa de idade aos 35 anos. E o proceso continúa. Marchan con todo tipo de cualificación profesional, uns para fornecer de camareros ás capitais europeas, outros son profesionais cualificados, incluíndo científicos que, ás veces, teñen un currículo igual ou superior ao dalgúns dos que permanecen no país. O empobrecemento para Galicia no principal recurso, o humano, é grave. Asemade, esa dramática saída incide na alarmante sangría demográfica que sufrimos, perante a inacción dos responsables políticos e dunha parte substancial da sociedade,

que semellan imitar ao comportamento da orquestra do Titanic.

María Mayán e María Pardo realizaron estadias posdoutorais no estranxeiro. Seguiron o guiño lóxico no proceso de formación dos investigadores excelentes: acudiron a centros de prestixio, ao Imperial College de Londres e á Universidade de Oxford, traballaron alí catro e tres anos e se reincorporaron ao tecido investigador galego. Ese camiño veuse interrompido polo impacto da crise. Hoxe o retorno de talento investigador constitúe unha fracción mínima fronte a emigración masiva.

Sonia Villapol é unha entre os miles de científicos galegos que traballan fóra do país. Esta neurocientífica, que vive a ciencia con paixón, un entusiasmo que mestura cunha teimosía intelixente, traballa en Washington DC (Estados Unidos), na Universidade de Georgetown. Investiga na reparación de danos cerebrais, ben causados por infartos cerebrais, traumatismos, ou tamén por enfermidades neurodexenerativas (coma o Párkinson ou a enfermidade de Alzheimer). E explica: “A miña investigación baséase en identificar os mecanismos que causan esta dexeneración neuronal para de este xeito dar con tratamentos para reparar o cerebro danado”. No debate aludiu ao raquítico mercado laboral interior. E falando da xente de Galicia que está fóra traba-



llando en ciencia dixo algo que tivo moito eco entre os asistentes: “Ninguén ten medo a volver, porque sabemos pedir bolsas, sabemos publicar, e sabemos sobrevivir en sistemas moi competitivos. O que temos medo é a vernos obrigados a marchar outra vez porque as supostas oportunidades das que se fala non existen”.

–Sonia, pode ampliar o argumento?

–Si. Non nos da preguiza volver ao noso país, ao que coñecemos, a estar preto da nosa familia e da nosa xente, e como non, a integramos nun sistema académico que tamén coñecemos ben. Estas circunstancias son as cómodas. E aínda por riba, se traemos con nós toda a experiencia e coñecemento adquirido fóra que nos permitiu avanzar, podemos testificar que estamos sobradamente preparados para volver e facer ciencia de calidade. O problema dáse cando os medios e as oportunidades que se nos ofrecen son insuficientes para ser exitosos e competitivos a nivel internacional, e, sobre todo, en moitos casos non teñen continuación e vémonos forzados a emigrar de novo. Coido que os dirixentes políticos que xestionan o diñeiro público non son, ou non lles interesa ser, conscientes deste problema. Cando un estado mantén un sistema universitario de educación pública, e despois non existen ofertas de emprego para a xente formada,

estamos a falar dunha mala xestión. Nese sentido, a Universidade ten que beneficiarse dos licenciados e doutores que produce, de non ser así está a malgastar o diñeiro de todos.

–Cal é para vostede o principal déficit do modelo científico que funciona en Galicia?

–A principal deficiencia sen dúbida é o insuficiente financiamento que reciben as universidades e centros públicos de investigación, xunto coa mala xestión dos poucos fondos e a desconcertante e excesiva burocracia. A investigación científica ten que estar na lista de prioridades dun goberno que quere progresar. A segunda son as irregularidades na organización da estrutura universitaria, pouco dinámica e que non permite beneficiarse do produto que xera. O sistema académico na universidade non é coherente cando os funcionarios non son recompensados debidamente pola investigación científica que producen. Por outra banda, a avaliación constante no transcurso da súa carreira non existe, e isto deixa a porta aberta á mediocridade do ensino e á desgana por facer investigación. Na maioría dos países punteiros en investigación, os profesores universitarios manteñen as súas obrigas na ensinanza e na investigación e poden ser recompensados ou perder os seus postos de traballo se non acadan o nivel requirido.